



Sexting

Que é?

A práctica **CONSCIENTE, TRANSPARENTE e CONSENSUADA** de compartir vídeos, imaxes ou fotos íntimas a través de internet, móbil ou calquera outro dispositivo electrónico.

Poden aparecer corpos espidos, ou non, en forma de *selfie*, ou non, máis ou menos explícitas, podendo estar implicadas unha ou máis persoas.

Que non é?

- 1** — **Facer, compartir ou difundir fotos, imaxes ou vídeos íntimos sen consentimento.** Recibir unha imaxe ou un vídeo non che dá dereito a compartilo. E si, ensinarllas a colegas desde o móbil tamén é delito.
- 2** — **Enviarlle fotos ou vídeos íntimos teus a unha persoa e que as comparta** sen o teu consentimento.
- 3** — **Que alguén che faga fotos ou vídeos íntimos e os comparta con terceiras persoas** sen o teu consentimento, con independencia de que lle deras ou non permiso para facer as fotos ou vídeos en primeiro lugar.
- 4** — **Que, tras unha ruptura ou un enfado, a túa parella ou ex-parella faga público contido íntimo no que ti apareces.** Nunca está xustificado compartir contido privado.
- 5** — **Que te chantaxeen, obriguen ou ameacen para que compartas fotos ou vídeos de carácter íntimo.**



Olo!

Consentir

require de dar permiso, subordinar a acción a unha autorización, sen recorrer a manipulacións nin chantaxes para obter un **SI.**

**CONSENTIR
E INFORMAR
NON SON O
MESMO.**

Informar

significa tomar a decisión e trasladala, sen que o teu criterio se tome en conta na toma de tal decisión.



"Podo compartir cos meus compañeiros de ximnasio a foto que me mandaches?"

**NON É O
MESMO**

"Vou compartir a foto que me mandaches cos meus compañeiros de ximnasio".



Como podes ver, isto do **SEXTING** ten moito que ver con isto do **CONSENTIMENTO.**





LEMBRA



Se ves algunha situación así nas redes sociais ou na túa contorna, **non compartas, non difundas e non lle deas a me gusta.**

Participar coa túa mofa, burla, risa ou silencio tamén te fai responsable. Se non estás actuando, estás sendo cómplice!

**ACTÚA
e non cales!**



Concello de  Oleiros